

ACTA ASEMBLEA ABERTA PROCESO ADIANTE

ÁMBITO

Localidade	Soutomaior
Comarca	Pontevedra
Lugar de realización	Casa da cultura "Fernando Pereira"

ÁSISTENCIA

Nº Asistentes (no momento de maior participación)	103
Nº de non militantes asistentes	74
Nº de militantes convocad@s	Toda a militancia

DESENVOLVEMENTO DA ASEMBLEA

Persoas a cargo das que recaeu a explicación do proceso

A nivel local	Manuel Lourenzo, Portavoz municipal. Diego Moreira, Responsábel local.
Representante do Consello Nacional	Ana Pontón

NÚMERO DE PERSOAS QUE INTERVIRON

Duración aproximada da reunión	1:45h
Metodoloxía empregada (clásica, grupos pequenos, pizarras, etc)	Grupo grande sentados en circulo.

VALORACIÓN POR PARTE DA PERSOA RESPONSÁBEL LOCAL DO TRANCURSO DA REUNIÓN

Tono xeral da xuntanza, comparativa cunha asemblea ordinaria, valoración en xeral das e dos participantes, etc.

Tono cordial, interviron 11 dos presentes en temas relacionados máis coa política galega en xeral e co nacionalismo en particular que en temas relacionados co concello, debido o feito de que Ana estivese presente xa como candidata e se realicen asembleas abertas con carácter semanal.

A valoración é positiva tamén polo feito de que se achegase e participase moita xente non habitual das asembleas semanais, xente que demostrou ter un seguimento importante do traballo que está a facer o BNG no concello e no país.

VALORACIÓN POR PARTE DA PERSOA RESPONSÁBEL LOCAL DO TRANCURSO DA REUNIÓN

PROPOSTAS PARA O DEBATE

Listaxe de propostas (o máis sintéticas posibles)

Con carácter xeral:

- Busqueda de alternativas nas redes sociais para loitar contra o apagón mediático.
- Máis traballo nas rúas e porta a porta.
- Por en valor o traballo realizado polo BNG nos momentos que estivemos nas distintas institucións.
- Discurso claro e centrado no nacionalismo e nos problemas do país, que den solución os problemas que atinxen a nosa poboación.
- Non diluirmos en outras forzas políticas e ter o centro de decisión no país.

Radiografía da Galiza de hoxe

Poboación avellentada, sobre todo no interior do país, e un mocidade condenada a emigración para poder vivir. Neste senso o nacionalismo vese debilitado pola irrupción de forzas estatais que cun discurso populista e apoiado polos medios atraen a mocidades, tentando postularse como única alternativa e tentando fagocitar o resto de forzas e alternativas que están o seu redor.

Estratexia política do nacionalismo galego

Recuperar o discurso nacionalista e de clase, un discurso que sexa claro e común para toda a organización, sobretudo a hora de transmitirllo a poboación.

Este discurso debe dar resposta as problemáticas que existen no país e que ten a nosa poboación. E non debemos temer mostrar a nosa ideoloxía nin tomar decisións curto pracistas ou electoralistas.

Non descuidar o traballo a pé de rúa e social polo traballo institucional.

Participación política e modelo organizativo

Realizar a asembleas abertas coa maior frecuencia posíbel nas localidades, permitindo e fomentando a participación na toma de decisións e no traballo de todas as persoas achegadas a organización e que todavía non deron un paso adiante, para que así finalmente opten por dalo. Tendo así a capacidade de renovar a organización e ter unha boa base social e militante.

Debese tentar achegarse tamén a mocidade, facendo actos propios para que se acheguen e formando e dandolle responsabilidades a aquela que xa pertence a organización.

ACTA ASEMBLEA ABERTA PROCESO ADIANTE

PROPOSTAS PARA O DEBATE